



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 29 DE NOVEMBRO DE 2019.

<u>ASISTENTES</u>		
	GRUPO POLÍTICO	
<u>ALCALDE, que preside:</u>		
D. Carlos Vieitez Fernández	PP	No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 29 de novembro de 2019, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.
<u>CONCELLEIROS:</u>		
D. Ramón Tilve Castro	PP	A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.
D ^a María Estévez Barbeito	PP	
D. Ángel Currás Pérez	PP	
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	PP	
D. Ramón Alfonso Piñeiro	PP	
D. José Manuel Ásperez Montes	MI	
D ^a Cristina Castro Pintos	MI	
D. M ^a Pilar Prado González	MI	
D. Juan Forte Ásperez	MI	
D. Alberto González Dopazo	MI	
D ^a Ana Belén García Piñeiro	PSdeG-PSOE	Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión. Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.
D. Manuel Radio Oubiña	PSdeG-PSOE	
<u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u>		
<u>SECRETARIA:</u>		
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral		

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros da Corporación que desde, a cordialidade, o respecto que se merecen as/os veciñas/os, os membros da Corporación e a institución que representan vaise a proceder cos asuntos do orde do día desta convocatoria.

A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27-09-2019 E EXTRAORDINARIA DE DATA 17/10/2019.

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros do Pleno da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2019 e ao borrador da acta da sesión extraordinaria de data 17 de outubro de 2019; non formulándose ningunha quedan aprobadas por unanimidade dos trece membros.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO





Concello de Meaño

REGULAMENTO ORGANICO MUNICIPAL. (EXP. 982/2019).

O Sr. alcalde-presidente da conta, someramente, do expediente de modificación do Regulamento Orgánico Municipal, tramitado á vista da moción presentada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 27 de setembro de 2019 polo Grupo Municipal do PsdeG- PSOE, instando a modificación do artigo 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Meaño, e que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas, que a súa vez lle propuxo ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“1º. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Meaño, quedando redactado como segue:

“Art. 17).- 1 As sesións do Pleno do Concello de Meaño serán públicas e garantirán a máxima proximidade da xestión municipal aos intereses da veciñanza de Meaño.

As sesións do Pleno do Concello de Meaño, que non foran decalradas segredas, terán difusión pública a través de medios audiovisuais, mediante canais asociados ao espazo web oficial do Concello de Meaño. As imaxes deberán de estar dispoñibles durante, como mínimo, seis meses desde a súa gravación.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro deste artigo, o Pleno poderá acordar por maioría absoluta que unha sesión se desenvolva con carácter segredo, cando o debate e votación dalgún dos asuntos incluídos na orde do día poida afectar ao dereito á honra, a intimidade persoal ou familiar ou a propia imaxe de calquera persoa.

2.- En consonancia co anterior e e en aras a acadar unha administración eficiente, transparente e áxil, as actas das sesións do Pleno da Corporación extenderanse en soporte dixital incorporando arquivo audiovisual das sesións, nos termos regulados no punto 4 do artigo 2 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.”

2º. Someter dito acordo de aprobación inicial da modificación do artigo 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Meaño a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por espazo de *trinta días* para que poidan presentarse reclamacións e /ou suxerencias, que haberán de ser resoltas pola Corporación.

De no presentarse reclamacións e/ou suxerencias en dito prazo, considerarase aprobada definitivamente a modificación sen necesidade de acordo expreso do Pleno.

3º. Unha vez aprobada definitivamente a modificación o texto íntegro da mesma publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, *na páxina web* e no taboleiro de anuncios do Concello; entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

4º. Adoptar as medidas necesarias para o cumprimento e aplicación da modificación acordada do Regulamento orgánico municipal do Concello de Meaño”.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, o Sr. Radío Oubiña, quen manifesta que o fin da moción que presentou o seu Grupo é o de dar transparencia ás intervencións e aos acordos que se adoptan no seno do Pleno da Corporación, que as/os veciñas/os poidan ver as sesións e que non se mal interpreten as palabras que se poian decir.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen





Concello de Meaño

sinala que é algo que levan reclamando tanto o grupo socialista coma o seu grupo na lexislatura pasada, engadindo que dado este paso se deberían poñer a traballar nun novo regulamento orgánico.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, que en todo caso representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

1º. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Meaño, quedando redactado como segue:

“Art. 17).- 1 As sesións do Pleno do Concello de Meaño serán públicas e garantirán a máxima proximidade da xestión municipal aos intereses da veciñanza de Meaño.

As sesións do Pleno do Concello de Meaño, que non foran decalaradas segredas, terán difusión pública a través de medios audiovisuais, mediante canais asociados ao espazo web oficial do Concello de Meaño. As imaxes deberán de estar dispoñibles durante, como mínimo, seis meses desde a súa gravación.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro deste atigo, o Pleno poderá acordar por maioría absoluta que unha sesión se desenvolva con carácter segredo, cando o debate e votación dalgún dos asuntos incluídos na orde do día poida afectar ao dereito á honra, a intimidade persoal ou familiar ou a propia imaxe de calquera persoa.

2.- En consonancia co anterior e e en aras a acadar unha administración eficiente, transparente e áxil, as actas das sesións do Pleno da Corporación extenderanse en soporte dixital incorporando arquivo audivisual das sesións, nos termos regulados no punto 4 do artigo 2 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.”

2º. Someter dito acordo de aprobación inicial da modificación do artigo 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Meaño a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por espazo de *trinta días* para que poidan presentarse reclamacións e /ou suxerencias, que haberán de ser resoltas pola Corporación.

De no presentarse reclamacións e/ou suxerencias en dito prazo, considerarase aprobada definitivamente a modificación sen necesidade de acordo expreso do Pleno.

3º. Unha vez aprobada definitivamente a modificación o texto íntegro da mesma publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, *na páxina web* e no taboleiro de anuncios do Concello; entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

4º. Adoptar as medidas necesarias para o cumprimento e aplicación da modificación acordada do Regulamento orgánico municipal do Concello de Meaño.





Concello de Meaño

3º.- APROBACIÓN INICIAL, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP. 674/2018).

O Sr. alcalde-presidente da conta, someramente, da proposta da Alcaldía en relación con este asunto, sinalando que visto o expediente tramitado en relación coa Modificación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, o documento de aprobación inicial, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L., e o informe-proposta emitido pola secretaria-interventora en relación con este asunto; esta Alcaldía propúxolle á Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento sostible o ditamine favorable deste asunto.

A Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, coa abstención da Sra. García Piñeiro, dous votos en contra dos Sres. Ásperez Montes e González Dopazo e dous votos a favor dos Sres. Vieitez Fernández e Alfonso Piñeiro e o voto de calidade do presidente, ditamina favorablemente o asunto e a súa vez proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º. Aprobación inicialmente, ao abeiro do artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do artigo 144. 5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o documento de aprobación inicial da Modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e subscrito por Dª Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, Dª Beatriz Piñeiro Gondar, avogada e D. Roi Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial e datado en abril de 2019.

2º. Someter o documento da Modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e subscrito por Dª Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, Dª Beatriz Piñeiro Gondar, avogada e D. Roi Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial e datado en abril de 2019, xunto cos documentos integrantes do expediente tramitado a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, dando cumprimento ao artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do artigo 144. 5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; dando traslado desta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos e solicitar o Concello os demais informes sectoriais que resulten preceptivos.

3º.- Este acordo de aprobación inicial determina a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a data da aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

Esta suspensión tamén estará referida ás licenzas de parcelación, edificación e demolición.

A suspensión poderá referirse a todas ou algunha das actividades citadas, e non afectará:

- As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- Ás licenzas de primeira ocupación.
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.”





Concello de Meaño

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, o Sr. Radío Oubiña, quen manifesta que no pleno extraordinario de agosto, dada a premura coa que se lles deu acceso á documentación e se convocou o pleno, e tendo en conta a amplitude do expediente, que non son expertos en urbanismo nin en lexislación urbanísticas e tódalas insinuacións e rumores que empezaron a xurdir en torno a este expediente, pediron a retirada do punto da orde día para poder leer e analizar a documentación con detenemento. E así o fixerón, sinala. Engade que durante estes meses puideron verificar que no informe de servidumbre acústica, no de avaliación ambiental estratéxica e no informe de Ministerio de Transición Ecolóxica non se aprecia ningunha irregularidade.

Segue sinalando que, por outra parte, o expediente inclúe os informes favorables de Secretaría- Intervención e do arquitecto municipal, que, neste caso, son as figuras que han de velar polo cumprimento da lei, afirmando que o contido se atopa dentro da lexislación vixente; non tendo motivos para dubidar da súa profesionalidade, do seu bo facer ou da súa neutralidade, ao igual que non dubidamos da profesionalidade do resto de traballadores deste Concello.

Este expediente inclúe a modificación usos do solo fóra dos límites da zona industrial, que hai que recordar que o arquitecto municipal atopou correcto, e que permitiría crear:


- Un uso mixto industrial-terciario, denominado servizos a vehículos e maquinaria agrícola, para talleres de limpeza, reparación e mantemento de vehículos, así coma repostaxe de vehículos-estacións de servizo.
- Un uso industrial acuícola.
- E un uso terciario de servizos funerarios.

Usos todos estes que non existen hoxe en día, impedindo a apertura de novas empresas, relacionadas con eses ámbitos, que reactivarían a economía local.

Polo que respecta á inversión económica, segundo o informe de sostenibilidade e viabilidade realizado pola Intervención, a única previsión de desenvolvemento que implica un custo económico para o Concello é a relativa a un vial (obtención de terreos 49.612,50 euros+execución do vial 92.610 euros). Con esta inversión, o Concello incrementaría o seu activo patrimonial municipal e, con el, a súa solvencia financeira. Ademais, co novo vial, crearíanse novas actividades económicas, ao asentarse máis empresas, o que redundaría en novos ingresos municipais.

Este veu sendo un punto controvertido, desde o pasado mes de agosto, por como e quen debería levalo a cabo.

A Agrupación Socialista de Meaño considera que a iniciativa pública protexería mellor





Concello de Meaño

os intereses particulares dos pequenos propietarios da zona, dado que as súas fincas estarían dotadas de mellores servizos, conexións e probablemente de máis valor económico. Mentras que, a iniciativa privada forzaría a venda destas propiedades ao tratarse, en xeral, de propiedades de pequeno tamaño, que se verían obrigados a ceder terreno para os viais e a súa urbanización, resultándolles moi complicado seguir en posesión desas terras, coma sucedeu no Polígono de Nantes.

Ademais, consideran que a decisión de como e quen fará a obra, chegado o momento, se chega, porque non hai previsión da mesma, se a obra debe ser de iniciativa pública ou privada, non debe ser excusa para manter parado un proxecto que beneficiaría a Meaño, ao igual que non o deben ser o pago de favores ou a vinganza persoal contra outras persoas.

Remata sinalando que, por outra banda, non se debe perder o foco, xa que neste punto do Pleno, o que se pretende é unha aprobación inicial, que permitirá expoñer o proxecto a público, dándolle a oportunidade ás/ós veciñas/os, empresarios, partidos políticos ou calquera outro colectivo, de presentar todas aquelas alegacións que consideren apropiadas, necesarias ou xustas.

Concluindo que, é hora de ter altura de miras e buscar o beneficio da veciñanza de Meaño.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que eles foron quen sacaron á luz esta controversia e teñen clara a súa postura; engadindo que, lles dixeron ao alcalde que se a modificación, da que viñeron preguntando desde o ano 2017 en varios plenos na anterior lexislatura e da que nunca se lles dou explicación algunha dos trámites que se estaban a facer, decía “Se pretende a clarificación del sistema de la medición de altura en Suelo de núcleo rural, la clarificación del concepto de parcela calificada con relación a la superficie mínima necesaria para edificar, la reforma de las condiciones de la ordenanza 4 Suelo Urbano Industrial, la adaptación a la ley de las condiciones que deben regir en las edificaciones en situación de fuera de ordenación y la redefinición de los usos generales contemplados en el PGOM”, si se refire a esto o seu grupo apoiaría a modificación e o único inconvincente siguen sendo os viais, sen entrar en quen vai facer o vial, se vai a ser unha obra pública ou privada. Non podemos comparar, dise que podemos beneficiar aos veciños como pasou en Nantes. En Nantes houbo xente que vendeu a 500 pesetas o metro cadrado as súas fincas cando despois quen as comprou as vendeu a 50.000 pesetas o sea os propietarios dos terreos venderon a 3 euros cando logo se venderon a máis de 200 euros, eso non é beneficiar aos veciños senón beneficiar aos que compraron os terreos a 3 euros. Segue a súa intervención cuestionando se coa construción do vial vai haber máis empresas, engadindo que si non se amplia o polígono non vai haber máis empresas o vial testa donde testa, no monte, na toxeira, polo tanto non vai montar alí algúen mentra non se amplia o polígono, e é o que dá pe a que se amplie o polígono. Sinala que pediron unha serie de documentación e lles foron enviadas unhas respostas tales como non hai prevista ningunha ampliación da área industrial. Segue engadindo, fumos





Concello de Meaño

e fôchedes á reunión e se vos enseñou un mapa da futura ampliación da área industrial. Nos queixámonos dos viais que se suprimen e di a resposta, nunha das partes, os viais que se suprimen non existen, si se suprimen é que existen, polo que lle pedirán á secretaria un informe da supresión, ocupación ou/e posterior eliminación de viais públicos nesa zona; porque como sabemos ou saben, a recuperación dun vial público non prescribe. E todo eso beneficia alguén, non ós veciños, non a tódolos os veciños, poderíamos falar moito máis pero xa lle digo o Concello destina 150.000,00 € a construír ese vial cando en tódolos pobos veciños desta zona quen amplía e quen fai o polígono inicialmente é a iniciativa privada e si o concello participa nesa iniciativa ten que participar como un dos promotores e ademáis beneficiarse da cesión da futura ampliación; non contemplamos, non vemos nada de eso e nos tamén temos a nosa postura clara, eu entendo que non os vaíamos a convencer somos trece concelleiros, esto débese aprobar por maioría absoluta, oito concelleiros é a maioría absoluta, si hai oito votos se aproba e como din os representantes do partido socialista que si hai que alegar que alegen. Nos fixemos o posible polo que entendemos que incluso roza a legalidade, pode estar fora da legalidade, si vemos que é necesario acudiremos á fiscalía que investigen.

Toma a palabra de novo o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que quere apostillar algunhas cuestións porque hai cousas que no dixo e que acaba de sinalar o Sr. Ásperez, en primeiro lugar que acaban de decir que non ocorra o mesmo que en Nantes, por outro lado que podería haber máis empresas si se da este primeiro paso, están na fase un e o Sr. Ásperez xa está na fase dúas e en terceiro lugar hai un informe xurídico que os avala.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que, para concluir do que se está a tratar é da aprobación inicial da modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que será sometida posteriormente a información pública polo prazo de dous meses para que os interesados poidan examinala e formular as alegacións que consideren necesarias. Resumindo esta modificación puntual consiste por un lado, en revisar a normativa do vixente Plan, aclarando conceptos e definicións e adaptala á Lei do Solo de 2016, que contempla novos usos e conceptos coma o da caducidade das licenzas si caducan ou non caducan, o das edificacións fora de ordenación, que son máis benévolas que os conceptos que figuran no Plan e que en definitiva contribuirán a dar unha maior seguridade xurídica a administración e aos cidadáns. Outro bloque no que se incide é a área industrial, mediante a creación dunha nova ordenanza que permita regularizar o existente.

Interven o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que cómo se pode decir que a partir de agora non caducan as licenzas, só se delimitan os prazos que eran distintos que aos previstos no PXOM, que non vai contando mentiras.

Aclara o Sr. alcalde que pódense prorrogar, contestando o Sr. Ásperez Montes que sempre se puideron prorrogar, engadindo que para que caduque unha licenza ten que o Concello tramitar un expediente de caducidade; cuestións que confirma a Sra. secretaria-interventora á pregunta do Sr. Ásperez Montes.

Rematadas as intervencións e sometida a votación a proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, o Pleno da Corporación, por cinco votos en contra dos membros do Grupo Municipal MI





Concello de Meaño

e por oito votos a favor dos membros dos Grupos Municipais do PP e do PSdeG-PSOE, que en todo caso representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

1º. Aprobar inicialmente, ao abeiro do artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do artigo 144. 5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o documento de aprobación inicial da Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e subscrito por D^a Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, D^a Beatriz Piñeiro Gondar, avogada e D. Roi Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial e datado en abril de 2019.

2º. Someter o documento da Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño, redactado por Urbes Gestión del Suelo, S.L. e subscrito por D^a Sandra Barbeito Méndez, arquitecta, D^a Beatriz Piñeiro Gondar, avogada e D. Roi Barbeito Méndez, enxeñeiro industrial e datado en abril de 2019, xunto cos documentos integrantes do expediente tramitado a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, dando cumprimento ao artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do artigo 144. 5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; dando traslado desta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas na documento de alcance do estudo ambiental, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos e solicitar o Concello os demais informes sectoriais que resulten preceptivos.

3º.- Este acordo de aprobación inicial determina a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a data da aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

Esta suspensión tamén estará referida ás licenzas de parcelación, edificación e demolición.

A suspensión poderá referirse a todas ou algunha das actividades citadas, e non afectará:

- a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.





Concello de Meaño

4º.- ADHESIÓN A “MEDIDA 4: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS EXISTENTES” DOS PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA OBTENIR FINANCIAMENTO DO FEDER A TRAVÉS DO IDEA AO ABEIRO DAS SUBVENCIONS REGULADAS POLO R.D. 616/2017 (MODIFICADO POLO R.D. 316/2019). (EXP. 1070/2019).

O Sr. alcalde-presidente maniféstalle aos membros da Corporación que ao abeiro do Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, o Concello de Meaño ten solicitada unha axuda, con cargo a Liña 6 “Renovación das instalacións de alumeadado, iluminación e sinalización exterior” axudas para os distintos alumeadados públicos, directamente ao IDAE e outra a través da Deputación Provincial de Pontevedra.

A vista da comunicación remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra e os anexos de adhesión aos anexos ao Real Decreto mencionado; ao abeiro dos cales a Deputación de Pontevedra vai a presentar proxectos singulares, onde se engloben as actuacións propostas polos propios concellos, entre as que se atopa, a **Medida 4** “Mellora da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de edificios e dependencias existentes” e cooperará con todos os concellos da provincia para a presentación das actuacións do seguinte xeito :

- Asesoramento e colaboración por parte de asistencia técnica, xa contratada, para levar a cabo o proceso de presentación de proxectos de actuacións ante o IDAE; actuacións estas que serán tramitadas dende a Deputación.
- Colaboración económica en materia de financiamento das actuacións. Neste sentido a Deputación fará unha aportación adicional, con fondos propios, do 10% do investimento elixible de cada actuacións incluída nos proxectos singulares, e que se sumará ao 80% de financiación previsto polo IDAE. Decreto 316/2. O 10% restante será aportado polos concellos.

E dado que inicialmente se esixía un investimento elixible superior a 50.000,00 € e que actualmente están a considerar incluír proxectos de contía inferior.

Encomendouselle ao enxeñeiro D. Antonio Capelo García a elaboración dunha memoria na que se contempla a actuación: “Mellora das instalacións de iluminación interior nos pavillóns cubertos de Dena e Xil”

Instalación	Aforro estimado (kWh/ano)	Aforro estimado (€/ano)	Presuposto	IVE	Total
Polideportivo Dena	18.406	3.508,82	14.588,00€	3.063,48€	17.651,48€
Polideportivo Xil	21.067	3.550,00	15.588,00€	3.273,48€	18.861,48€





Concello de Meaño

Polo que esta Alcaldía, propúxelle á Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible que ditamine favorablemente a adhesión aos proxectos incluídos na Medida 4 MELLORA DA EFICIENCIA ENEERXÉTICA EN INSTALACIÓNS ELECTRÍCAS DE EDIFICIOS E DEPENDENCIAS EXISTENTES, para a actuación “Mellora das instalacións de iluminación interior nos pavillóns cubertos de Dena e Xil”; informando favorablemente.

Sometido o asunto a debate toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que todo que sexa para aforrar e coidar o medio ambiente ben vio sexa.

Rematadas as intervencións e sometida o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º. Adherirse aos proxectos incluídos na Medida 4 MELLORA DA EFICIENCIA ENEERXÉTICA EN INSTALACIÓNS ELECTRÍCAS DE EDIFICIOS E DEPENDENCIAS EXISTENTES, para a actuación “Mellora das instalacións de iluminación interior nos pavillóns cubertos de Dena e Xil”.

2º. Comprometerse a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

5º. TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA 294/2019 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ORDINARIO 310/2018 POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 4 DE PONTEVEDRA. (EXP. 965/2019).

O Sr. Presidente da conta, someramente, da Sentenza n.º 294/2019 ditada en relación co procedemento ordinario n.º 310/2018, pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra así como das conclusións contidas no informe conxunto emitido, en relación con esta sentenza, pola secretaria-interventora e pola técnico medio de xestión administrativa con data 11 de outubro de 2019:

“PRIMEIRO. Pode concluirse:

1. **Que o carácter de indefinido non fixo das relacións laborais só pode ser declarado por Sentenza**, así o deixa claramente establecido a xurisprudencia, o artigo 27.3 e o punto 4 do artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia e a Disposición Adicional 34ª. Dous da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que foi reproducida pola Disposición Adicional cuadraxésima da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, que ten vixencia indefinida e se dicta ao amparo do artigo 149.1.18ª da Constitución.

2. **Esta declaración comporta a obriga da Administración de proceder a cubrir os postos de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios de acordo co establecido na normativa aplicable**, que garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, **agás que opte pola súa amortización.**





Concello de Meaño

3. Na medida que o organismo público empregador ten a obriga de levar a cabo a cobertura regulamentaria destes postos, **este tipo de relación queda sometida a unha condición** (a provisión da vacante polos procedementos legais de cobertura ou amortización das mesmas) **e extingúese coa provisión na forma legalmente procedente das referidas prazas, ou ben, se se produce unha amortización das mesmas.**

Os contratos do persoal indefinido non fixo, d'í a xurisprudencia, teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada, ata a cobertura regulamentaria dos postos ou a súa amortización; a “provisión na forma legalmente procedente” determina a existencia de “causa lícita para extinguir o contrato”.

SEGUNDO.- Comporta a obriga por parte do Concello de realizar as seguintes actuacións para levar a cabo o cumprimento da sentenza 294/2019 do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario 310/2018, e a lexislación aplicable:

a) Declarado o carácter indefinido- discontinuo da relación laboral no fallo contido na sentenza 294/2019, ditada pola maxistrada xuíza do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatandoa e cumpríndoa nos seus termos.

b) Recoñecer o carácter indefinido – discontinuo da relación laboral dos demandantes e o Concello de Meaño ate a cobertura dos postos de carácter laboral fixo – discontinuo que se creen en execución da sentenza 294/2019.

c) Proceder, conforme ao establecido no artigo 28 da lei 2/2015 do emprego público de Galicia á modificación da relación de postos de traballo do Concello , así como da plantilla orzamentaria, para *“para axustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido”*. A proposta de modificación deberá de realizarse no prazo máximo de 3 meses dende que a sentenza adquira firmeza, agás que se decida a amortización das prazas.

d) Aprobar a correspondente oferta de emprego público incluíndo as prazas vacantes de persoal laboral fixo- discontinuo coa categoría de profesores de música.

e) Articular o correspondente proceso selectivo para cubrir estes postos con carácter laboral fixo-discontinuo que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

f) Unha vez rematado o proceso selectivo seguido para cubrir estes postos con carácter laboral fixo-discontinuo e previamente á formalización destas relacións laborais, extinguir a relación laboral indefinida- discontinua do Concello de Meaño con estes traballadores.”

Do auto ditado, con data 12-11-2019, pola maxistrada xuiz do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra polo que a declara firme e da proposta da Alcaldía á Comisión Especial de Contas; que resultou ditaminada favorablemente, por dous votos a favor e tres abstencións, a vez que lle propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declarado o carácter indefinido-discontinuo da relación laboral das/os traballadoras/es Diego Portela Chaves, Juan Portela Varela, Lucía Verde Lareu, Marina del Carmen Penas Chaves, David Otero Domínguez, Vanessa Dopazo Méndez, Daniel Figueira Bello, Alejandra Rivera Fernández, Franciso Fernández Pérez e Diego Javier Lorente López e o Concello de Meaño, no fallo contido na sentenza 294/2019 ditada pola maxistrada xuiz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatandoa e cumpríndoa nos seus termos.

2º.- Recoñecer o carácter indefinido-discontinuo non fixo da relación laboral das/os traballadoras/es Diego Portela Chaves, Juan Portela Varela, Lucía Verde Lareu, Marina del Carmen Penas Chaves, David Otero Domínguez, Vanessa Dopazo Méndez, Daniel Figueira Bello, Alejandra Rivera Fernández, Franciso Fernández Pérez e Diego Javier Lorente López e o Concello





Concello de Meaño

de Meaño, como profesores ou como profesor-director da escola municipal de música do Concello de Meaño, ata a cobertura dos postos que con carácter laboral fixo-discontinuo se creen en execución da sentenza 294/2019 ou a súa amortización; coa adscrición aos postos e retribucións do persoal laboral temporal, como profesores ou como profesor-director da escola municipal de música do Concello de Meaño, previstos.”

Sometido o asunto a debate toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que como xa dixeron en moitas ocasións na pasada lexislatura, creen necesaria a creación da RTP onde se recolla cada posto de traballo, co seu soldo e as súas funcións; engadindo que incorporar novos postos de traballo sen facer unha RTP en condicións é como poñer tellas sobre vigas podres.

Contesta o Sr. alcalde que facer unha RTP sen ter clara a situación destes postos é un pouco complicado pero estase a traballar nela.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen pregunta si hai que esperar as sentenzas para crear os postos de traballo do Concello.

Tomo de novo a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que entonces non fan falta as sentenzas para levar a cabo a RTP, engadindo que cree que hai que consolidar estes postos, que van a traballar para que se consoliden todos estes postos e que a súa posición e concocida e espera que se convoquen e que se consoliden o antes posible os postos dos mestres da escola de música. Así mesmo pregunta si se contempla a amortización que se sinala na proposta.

Contesta o Sr. alcalde que se está a traballar na RTP, nela xa se considerarán esta prazas; en relación con esta pregunta unha vez recaída a sentenza o que hai que acordar é recoñecer o carácter indefinido-discontinuo non fixo destes traballadores ata a cobertura dos postos que con carácter laboral fixo-discontinuo se creen en execución da sentenza 294/2019 ou a súa amortización, en termos da Lei do emprego público de Galicia e en adiante é o que haberá que decidir, aínda que non está contemplada a amortización.

Rematadas as intervencións e sometida a votación a proposta da Comisión Especial de Contas, o Pleno da Corporación, con dúas abstencións dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e por once votos a favor dos membros dos Grupos Municipais do PP e MI, acorda:

1º.- Declarado o carácter indefinido-discontinuo da relación laboral das/os traballadoras/es Diego Rosal Chaves, Juan Portela Varela, Lucía Verde Lareu, Marina del Carmen Penas Chaves, David Otero Domínguez, Vanessa Dopazo Méndez, Daniel Figueira Bello, Alejandra Rivera Fernández, Franciso Fernández Pérez e Diego Javier Lorente López e o Concello de Meaño, no fallo contido na sentenza 294/2019 ditada pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatándoa e cumpríndoa nos seus termos.

2º.- Recoñecer o carácter indefinido-discontinuo non fixo da relación laboral das/os traballadoras/es Diego Rosal Chaves, Juan Portela Varela, Lucía Verde Lareu,





Concello de Meaño

Marina del Carmen Penas Chaves, David Otero Domínguez, Vanessa Dopazo Méndez, Daniel Figueira Bello, Alejandra Rivera Fernández, Franciso Fernández Pérez e Diego Javier Lorente López e o Concello de Meaño, como profesores ou como profesor-director da escola municipal de música do Concello de Meaño, ata a cobertura dos postos que con carácter laboral fixo-discontinuo se creen en execución da sentenza 294/2019 ou a súa amortización; coa adscrición aos postos e retribucións do persoal laboral temporal, como profesores ou como profesor-director da escola municipal de música do Concello de Meaño, previstos.

6º.- MOCION DO GRUPO MEAÑO INDEPENDIENTE: DOTACION PARTIDA ECONOMICA ORZAMENTARIA PARA INICIACION TRAMITES DE CONSTRUCCION DUNHAS INSTALACIONES, LOCAL DE ENSAIOS E AUDITORIO OU MULTIUSOS.- (EXP. 1071/2019).

O Sr. alcalde-presidente da conta do ditame da Comisión Especial de Contas, que di:

“O Sr. presidente da conta en estrato do escrito do voceiro do grupo municipal Veciñal Meaño Independiente, presentado con data 18-11-2019, no que formula a seguinte proposta de MOCIÓN:

“Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño a dotación e partida económica nos Presupostos do ano 2019, cunha cantidade suficiente, e non por debaixo de 500.000,00 €, para iniciar os trámites da construción dunhas instalacións, Local de Ensaos e Auditorio ou Multiusos, que cubran tódalas necesidades de espazo, acústicas e dignidade, onde poder realizar concertos e outros eventos culturais dos que tamén se benefician outras asociacións de MEAÑO.

Ademais debemos dar o paso, e votar o inicio, de maneira conxunta os grupos municipais, as conversas con outras institucións coma a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia para que apoiem este proxecto imprescindible para Meaño.”

Así como das conclusións contidas no informe emitido pola Sra. secretaria-interventora, en relación con este asunto:

1º.- O edificio referido, trataríase dun ben de dominio público de titularidade municipal destinado ao cumprimento dun fin público de responsabilidade municipal como é á promoción cultural. Elo sen prexuízo de que poida ser utilizado por entidades que colaboren no desenvolvemento de actividades de competencia municipal vía o correspondente convenio de colaboración, que segundo establece o artigo 48.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público “... *deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuir á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira.*” .


2º.- Se a habilitación referida na moción afecta ao orzamento do exercicio 2019, a mesma tería que tramitarse vía expediente de modificación de crédito, neste caso concreto vía concesión de crédito extraordinario financiado con cargo a remanente líquido de tesourería, e entrar en vigor antes de rematar o exercicio, o que resultaría pola súa tramitación practicamente imposible; sen prexuízo do estudo previo da súa viabilidade desde o punto de vista do financiamento, do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e a súa implicación na regra de gasto na fase de liquidación.

3º.- Se a habilitación referida na moción afecta ao orzamento do exercicio 2020, haberá que considerar as seguintes cuestións:

a. Capacidade de financiamento propio:

Os recursos económicos do orzamento son os que se reflexaran na clasificación regulada na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, agás o 870 remanente de tesourería, que en ningún caso poderá formar parte das previsións iniciais de ingresos nin poderá financiar, en consecuencia os créditos iniciais do orzamento de gastos.

Tomando como referencia o Orzamento 2019, ingresos dos Capítulos I a VI e de gastos dos Capítulos I, II, IV e VII, que responden





Concello de Meaño

a gastos de persoal, funcionamento de servizos e subvencións, axudas e transferencias correntes - como a da Mancomunidade- e de capital,

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.572.254,00	1	Impostos directos	1.117.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.339.050,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	655.513,00
4	Transferencias correntes	165.620,00	4	Transferencias correntes	1.549.560,00
			5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00

o Concello de Meaño non conta con capacidade de financiamento propio para a habilitación do crédito proposto na moción que se solicita e se someta a votación .

Así, a **capacidade de financiamento propio** do Capítulo VI “Inversións Reais” do Orzamento Municipal 2019, ascende a:

CAPACIDADE DE FINANCIACIÓN DE INVESTIMENTOS		
Capítulo I a VI (Ingresos)	a	3.358.574,00
Capítulo I,II,IV e VII (Gastos)	b	3.095.924,00
Diferencia: a-b=	c	262.650,00

Polo que o Concello de Meaño tería reducir gastos nos Capítulos I de persoal, II mantemento servizos ou IV e VII de subvencións e transferencias, ou acudir para o financiamento desta habilitación orzamentaria a un préstamo a longo prazo (Capítulo IX-Pasivo financeiros).

b. O financiamento mediante unha operación de crédito tería que efectuarse no marco do *cumprimento da normativa reguladora das facendas locais e dos principios de estabilidade presupostaria, límite de débeda-sustentabilidade financeira* e regra de gasto.

4º.- Con independencia da anualidade a que afecte a votación proposta, tanto na modificación de crédito como no orzamento, deberá concretase a aplicación orzamentaria á que afecta, porque sendo clara a clasificación de programa (333. Equipamentos culturais) non estaría clara a clasificación económica xa que a relativa a INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNICIONAMENTO OPERATIVO DOS SERIVIZOS diferencia o Concepto 621 “Terreos e bens naturais” e Concepto 622 “Edificios e outras construcións”, sen prexuízo da conseguinte vinculación.

Polo que sendo requisito indispensable para a contratación da obra dispoñer de terreos, segundo o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector, parece lóxico que tería que considerarse en primeiro termo o Concepto 621 de terreos.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que, o Pleno da Corporación en sesión de data 10 de decembro de 2018, en relación a referida moción, con sete votos a favor e 6 en contra o que acordou foi instar ó grupo de goberno tomar as medidas necesarias para implantar de maneira definitiva e consolidar o posto de conserxe no colexio CEIP As Covas de Meaño e instar a partida correspondente para a reparación do tellado do citado colexio, tal e como demanda a asociación de pais e nais do colexio. Engadindo que parece que quedou claro que a conservación, mantemento e vixiancia son competencias municipais e o Concello as está a prestar; no colexio de Dena cun operario municipal e en Meaño veñense prestando cun operario que non forma parte da plantilla estrutural. En canto ao tellado, resulta claro que ao Concello lle corresponde a reparación e pola información de que dispón xa se reparou en varias ocasións pero sen éxito e intentalo de novo a parte que resulta perigoso pode supoñer deterioralo máis polo que quedou co director do centro en que irían cantas veces fosen necesarias á Consellería a demandar a substitución da cuberta, dado que é unha cuestión estrutural do edificio que lle corresponde á Consellería.

O Sr. alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía:

“Vista o escrito de moción presentado polo voceiro do grupo municipal Veciñal Meaño Independiente, con data de rexistro de entrada no Concello de Meaño 21-11-2019, no que formula a seguinte proposta de MOCIÓN e acordo:

“Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño a dotación e partida económica nos Presupostos para a anualidade do 2020 para:

- A substitución da cuberta-tellado do colexio As Covas Meaño

- A creación dunha praza definitiva e específica para o posto de Conserxe no Colexio de As Covas de Meaño”

Visto o informe emitido pola Sra. secretaria-interventora no que se conclúe que

“1º.- A vista da lexislación vixente, correspóndelle aos concellos “A conservación, mantemento e vixiancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”, en tanto non se regule o sistema de financiación das comunidades autónomas e das facendas locais previsto na Disposición adicional decimoquinta da Ley 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización y Sustentabilidad de la Administración Local.

2º.- A substitución da cuberta do colexio As Covas Meaño non pode entenderse como un gasto de mantemento, reparación e conservación, senón de investimento, excendo o concepto de mantemento e conservación que lle corresponde ao Concello como titular do edificio; correspondéndolle á Consellería competente en materia de educación a substitución do mesmo, polo que non procede habilitación de crédito con cargo a fondos propios municipais.”





Concello de Meaño

3º.- O mesmo en canto á creación dun posto de conserxe para o CEIP As Covas, xa que as funcións que lle corresponden a un “conserxe” exceden do deber de conservación, mantemento e vixilancia, que lle esixe a lexislación vixente aos concellos, por tratarse de tarefas que corresponden á comunidade autónoma ao formar parte da prestación xeral do servizo educativo (provisión de persoal docente, non docente, materiais educativos, mobiliario escolar) xunto con outros servizos escolares como o comedor escolar ou o transporte escolar.

Ademáis, ao marxe disto, para a creación de emprego público haberá que estar ao que dispoñan as respectivas leis de orzamentos xerais do estado, cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e regra de gasto.

Tendo en conta o anteriormente exposto, considerase que non procede a votación proposta por canto a súa adopción supón o incumprimento da lexislación vixente en materia de distribución de competencias, en materia de persoal e orzamentaria.”

Considerando a complexidade que poida supoñer este xogo de competencias e a cal das administracións lle corresponde asumilas, resulta imprescindible, en defensa da escola pública e en particular do CEIP As Covas, e así o sinala tanto a Constitución como a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, que obriga as administracións públicas a servir os intereses xerais e a actuar de acordo cos principios de eficiencia, cooperación e coordinación entre as administracións públicas e a propia LOE, que configura as relacións interadministrativas de cooperación como un dos principios básicos que inspiran o sistema educativo, no seu artigo 1, ao dispoñer que “p) *La cooperación y colaboración de las Administraciones educativas con las corporaciones locales en la planificación e implementación de la política educativa*” e no artigo 8 “1. *Las Administraciones educativas y las Corporaciones locales coordinarán sus actuaciones, cada una en el ámbito de sus competencias, para lograr una mayor eficacia de los recursos destinados a la educación y contribuir a los fines establecidos en esta Ley*”, reconducir a situación e establecer ambas administracións os contactos que sexan necesarios para á maior celeridade posible acadar unha solución a estas demandas da comunidade educativa en función das necesidades actuais do centro; polo que esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que ditamine desfavorablemente a petición de acordo formulada polo Grupo Municipal Veciñal Meaño Independiente, en base ao sinalado no informe da secretaria-interventora, e a súa vez lle propoña ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Consellería de Educación, Univesidade e Formación Profesional, un encontro con representantes da Consellería, do Concello e da comunidade escolar para abordar as devanditas cuestións.

2º.- Solicitar da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ambas cuestións sexan abordadas no vindeiro Orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, o Sr. Radío Oubiña quen sinala que, para empezar, na mesma moción trátanse dous puntos que non teñen que ver. Por un lado, a substitución da cuberta-tellado e, por outra, a creación dunha praza de conserxe definitiva e específica. En canto ao primeiro punto, esta non é competencia do Concello, senón da Consellería de Educación. Precisamente por iso, estamos dispostos a apoiar a ANPA na súa petición, se eles así o desexan, diante da Xunta de Galicia, a través do noso grupo parlamentario en Galicia, o PsdeG-PSOE, dado que somos os únicos con esa capacidade, hoxe por hoxe, neste Pleno.

Referente ao segundo, desde a creación do centro CEIP AS COVAS, no ano 1981, ata fai dous ou tres anos, non existiu a figura dun bedel. Ante a demanda por parte da comunidade educativa deste centro, comezouse a prestar este servizo.

Engadindo que, resulta curioso que antes, cando máis alumnos había, non se solicitou e, agora, con menos alumnos, fai falta. Pode ser que os cambios pedagóxicos dos últimos anos puideran incidir nesta necesidade pero, non é menos certo, que con 9 unidades e un 15 mestres, sempre hai alguén libre e de garda. Así que, é evidente que a demanda está cuberta e, en caso de extrema necesidade, o centro conta con recursos humanos propios, polo que non parece prioritario e, como dixemos anteriormente, cremos necesaria, imprescindible, a creación dunha RPT, onde se recolla cada posto de traballo, co seu soldo e coa súas funcións.

Toma de novo a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen insiste en que se vote a moción presentado polo seu grupo nos termos de esixir a substitución da cuberta do tellado do CEIP As Covas e a creación dunha praza específica de conserxe; engadindo que ao Sr. Radio non lle parece prioritario a creación dunha praza de conserxe e o





Concello de Meaño

ano pasado votou a favor dunha moción que instaba a creación dunha praza de conserxe, igual que o Sr. Tilve Castro.

Remata o Sr. alcalde sinalando que, o Concello está a cumprir coas competencias que lle corresponden e o servizo que se demanda está cuberto.

Dando por debatido este asunto, procédese a votación ordinaria, das propostas formuladas:

- Proposta do Grupo Municipal MI:

Votos a favor: 5 dos membros do Grupo Municipal MI

Votos en contra: 6 dos membros do Grupo Municipal PP

Abstencións: 2 dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE

- Proposta da Alcaldía:

Votos a favor: 8 dos membros do Grupo Municipal PP e dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE.

Votos en contra: 5 dos membros do Grupo Municipal MI, motivando o voceiro deste grupo en que a competencia de crear unha praza de conserxe é unha competencia municipal.

Abstencións: 0

14º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE SOBRE A MELLORA DA ESTRADA PO-303. (EXP. 1106/2019).

Dada conta someramente da moción sométese a votación ordinaria a urxencia da mesma, quedando ratificada por unanimidade dos membros da Corporación; cedéndolle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal MI quen sinala que vai a dar lectura da mesma a Sra. Castro Pintos:

“Eu, Dº **Jose M. Aspérez Montes**, con DNI nº 76.813.900.H, como voceiro do grupo de Concelleiros **VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE**, a través do presente escrito,

EXPOÑO:

Que debido ó gran volume de tránsito da estrada PO-303, no tramo que vai dende o cemiterio de Simes (pertencente ó termo municipal do Concello de Meaño), ata a conexión coa PO-308 (pertencente ó termo municipal do Concello de Poio), en especial ó tramo comprendido entre a rotonda que une a estrada EP-9213 dende Dorrón (pertencente ó termo municipal do Concello de Sanxenxo) e na que tamén desemboca a estrada EP-9214 que baixa dende a Armenteira (pertencente ó termo municipal do Concello de Meis), sumado ás escasas labores de mantemento é evidente o deficiente estado e perigosidade que presenta esta vía dende fai tempo.

SOLICITO:

Que dende os catro concellos afectados por esta situación se tomen medidas conxuntas para instar á Xunta de Galicia a que actúe de inmediato nesta estrada, coas reformas precisas para reverter este estado de abandono que desemboca nun constante risco para todos os usuarios desta vía, sobre todo agora, no que parte da Variante Espiritual do Padre Frei Sarmiento discorre por ela





Concello de Meaño

atraendo a un bo número de viandantes.

Por todo ó anterior presentamos a seguinte MOCIÓN:

Se someta a votación neste pleno da corporación do Concello de Meaño a petición desta agrupación, co fin de promovela e trasladala ós concellos de: MEIS, SANXENXO E POIO, para instar á Xunta de Galicia a que actúe de inmediato nesta estrada, acabando con este problema de perigosidade que afecta ós veciños dos catro concellos.”

O Sr. alcalde cédelle a palabra ao Sr. Radío Oubiña quen pregunta ¿a qué actuacións en concreto se refiren?

Contesta a Sra. Castro Pintos que a actuacións de mantemento, ampliación e con carácter urxente obras para a mellora da seguridade vial e entenden que entre os catro concellos hai que instar á Xunta de Galicia para que as leve a cabo porque segue sendo transitada cun volume de vehículos considerable.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que a PO 303 iníciase na estrada de Sa-mieira e remata en Castrelo e o grupo de goberno está a ter contactos coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para mellorar uns tramos determinados, concretamente nos que non contan con beirarrúas para acadar que as executen, polo que propón centrarse nas carencias que presenta esta estrada nos tramos de poboación neste Concello de Meaño e senón plantexarlle o conxunto das intervencións e que sexa a Consellería a que determinen as prioridades, priorizando as carencias que a PO 303 presenta nas zonas de poboación deste Concello.

Replica a Sra. Castro Pintos, sinalando que é inevitable chegar a Meaño sen cruzar o tramo que sinalan na moción e reitera a solicitude de someter a votación a moción presentada polo seu grupo.

Rematadas ás intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros acorda:

1º.- Instar a Xunta de Galicia a que actúe de inmediato na estrada PO303, acabando co problema de perigosidade que afecta ás/os veciños de Meaño, Meis, Sanxenxo e Poio.

2º.- Dar traslado do presente acordo aos Concellos de Meis, Sanxenxo e Poio.

15º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA SOCIEDADE PARA A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.- (EXP. 1107/2019).

Dada conta someramente da moción sométese a votación ordinaria a urxencia da mesma, quedando ratificada por unanimidade dos membros da Corporación; cedéndolle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, quen da lectura da mesma:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través do seu voceiro, Manuel Radío Oubiña, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno





Concello de Meaño

da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN REFIRIDA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA SOCIEDADE PARA A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

O Goberno galego vén de anunciar un proxecto legislativo para a creación dunha sociedade para a xestión do ciclo integral da auga na que a Xunta de Galicia resérvase toda a capacidade de decisión e coa que pretende obrigar ás deputacións provinciais e aos concellos a participar e a achegar recursos en contra do máis elemental respecto polo principio de autonomía local.

Alega, interesadamente, a Xunta de Galicia que o abastecemento de auga e a súa depuración son competencias municipais. E faino atendendo unicamente á Lei de Bases de Réxime Local (especialmente trala reforma de 2003 en plena crise económica, coñecida como “reforma Montoro”, que tantos e tan graves prexuízos ten causado aos concellos) e á Lei de Augas de Galicia. Sen embargo, esquece a Xunta citar o artigo 142 da Constitución Española, no que se consagra que “*las Haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las Corporaciones respectivas y se nutrirán fundamentalmente de tributos propios y de la participación en los del Estado y de las Comunidades autónomas*”. Un artigo constitucional que plasma, como poucos, o principio de suficiencia financeira. Tamén para os concellos.

Segundo os Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 2019, Augas de Galicia recadará por concepto de canon 51.750.000 euros. Pero desta cantidade só 29.290.069 euros (o 56%) gástase en investimentos reais ou transferencias a outras Administracións, mentres que o 44% restante vai ao gasto corrente. Pero o peor aínda é o reparto dese diñeiro sobre o territorio, dado que eses 29,2 millóns son distribuídos con criterios partidistas, previo filtro en función da cor política da Corporación local.

Asistimos agora a un novo intento de engrosar a Administración paralela. Se Augas de Galicia xa ten forma xurídica de entidade pública empresarial, o novo ente sería unha Sociedade mercantil pública autonómica rexida polo dereito privado cun capital social repartido en forma de accións, definido como a SOGAMA DA AUGA.

Preténdese que as deputacións se convertan en socios minoritarios, sen poder de decisión ningún e preténdese tamén deixar á Xunta a potestade de aprobar, a través da lei de Orzamentos Xerais, as tarifas por metro cúbico dos servizos que prestaría o novo ente.

A Xunta quere que, unha vez creado este novo ente, as obras hidráulicas se financien a partes iguais entre a Xunta, a deputación e o concello respectivo, a razón dun terzo por cada parte. Así, no caso do Concello de Meaño, preténdese que sigan cobrándolle á veciñanza o canon e que continúen ingresándollo á Xunta de Galicia como ata o de agora. En conclusión, o concello de Meaño, ao que se di pretender axudar, pasaría a pagar por partida dobre (vía canon cobrado á veciñanza de Meaño e vía obras sufragadas co orzamento municipal).

A Xunta de Galicia, que careceu durante os 10 anos de Goberno de Feijoo dunha política da auga tomou por fin consciencia de que incumpre as directivas europeas e a lexislación en materia de abastecemento e depuración. A realidade é que as principais actuacións hidráulicas realizadas en Galicia nos últimos anos son obras do Goberno do Estado a través da sociedade pública Acuaes.

A Xunta elude falar de financiamento dos servizos finais á veciñanza, que é a verdadeira cuestión. A Xunta de Galicia dota con só 112 millóns de euros o Fondo de Cooperación Local cando en Galicia temos 313 concellos. A Xunta dedica só o 2,3% da súa recadación tributaria ao financiamento municipal. O resultado é que cada concello recibe unha auténtica esmorga.

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a retirar do anteproxecto de Lei para a creación da sociedade definida como a “Sogama da auga” calquera mención aos concellos en relación a novas imposicións de obras de financiamento de obras hidráulicas e/ou de saneamento.

2. Instar á Xunta de Galicia a incrementar a dotación do Fondo de Cooperación Local base ata o 5% da recadación tributaria galega e repartilo integramente en base a criterios de extensión, poboación, avellentamento e dispersión poboacional. Un reparto baseado nun modelo de transferencias na liña do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de facilitar aos 313 municipios galegos o financiamento necesario para a correcta prestación de tódolos servizos da súa competencia, incluídos os





Concello de Meaño

referidos ao ciclo integral da auga.

3. Instar á Xunta de Galicia a que, complementariamente ao punto anterior, modifique o canon de saneamento para que os concellos queden cun 50% da recadación para financiar obras hidráulicas no seu territorio. O restante 50% continuaría a ser recadado pola Xunta de Galicia no marco dun fondo de solidariedade galego e sería investido en base a criterios obxectivos, pautados e avaliados anualmente cos concellos.

4. Comunicar tamén este acordo á Presidencia da Deputación Provincial e á Presidencia da Federación Galega de Municipios e Provincias.”

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que coñece o tema pero que de momento non ten a suficiente información para pronunciarse.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes quen sinala que lles parece unha boa idea pero que lles falta información.

Propón o Sr. Radío Oubiña deixala sobre a ata ter máis información e votala no próximo pleno.

Sometida a proposta do Sr. Radio Oubiña a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos trece membros acorda deixala sobre a mesa.

D) Rogos e preguntas

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, sinalando o Sr. Ásperez Montes que queda unha moción referida ao camiño de Formarís en Paradela (Lores), contestando o Sr. alcalde que entende que ten carácter de rogo dado que se trata dunha proposta de actuación dirixida ao grupo neste camiño, polo que será tratado como tal.

Formúlanse os seguintes:

* Sr. Radío Oubiña.

Manifesta que antes de empezar cos rogos lles gustaría ler unhas palabras respecto ó día 25 de novembro, día da violencia de xénero e lles gustaría solidarizarse:

“Nacións Unidas conmemora cada 25 de novembro o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha xornada para visibilizar que a violencia contra as mulleres "segue sendo un obstáculo para alcanzar igualdade, desenvolvemento e paz, do mesmo xeito que o respecto dos dereitos humanos de mulleres e nenas". E insiste en que os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), non poderán cumprirse sen primeiro poñer fin á violencia contra mulleres e nenas, que é unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas, persistentes e devastadoras do mundo actual.

A agrupación socialista de Meaño reafirma hoxe o seu firme compromiso na loita contra a violencia de





Concello de Meaño

xénero como a máis brutal mostra de desigualdade entre mulleres e homes. Este ano, no noso país, superamos a cifra de 1.027 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas desde que existen rexistros oficiais en 2003. Unha violencia que tamén se cobrou a vida de 34 nenos e nenas desde 2013, como consecuencia da violencia exercida sobre as súas nais, e deixou 275 menores orfos.

Os datos que reflexan esta violencia no ano 2019 non son alentadores, posto que foron asasinadas xa 51 mulleres, das cales só 11 denunciaron ás súas parexas ou exparexas.

Por iso, desde aquí queremos mostrar o noso apoio a todas as vítimas: ás mulleres asasinadas, aos seus fillos e fillas orfos; ás súas nais, pais, irmáns, irmás, amigos. Compartimos a súa dor, a súa desolación e combatemos a súa causa.

Cada 25 de novembro reafirmámonos no camiño emprendido, poñendo en marcha a lei integral contra a violencia de xénero, que cumpre 15 anos o próximo mes de decembro, e impulsando o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Cando xa pensábamops que tínamos un largo camiño andando, chegan voces pretendendo romper o consenso alcanzado, negando a propia existencia da violencia de xénero, querendo sinalar as persoas que traballan coas vítimas e faltando ao respecto ás mulleres asasinadas e ás súas familias. Non podemos permitir que a nosa sociedade dé un paso atrás na loita contra a violencia de xénero.

Por ese motivo, animamos a todos os integrantes deste Pleno da Corporación que se unan con integridade e sinceridade á loita contra todo tipo de violencias machistas.”

ROGOS:

- Rogo sobre as becas universitarias (moción presentada para o pleno de setembro) e referido á creación das axudas económicas para os estudantes de bachelato, FP básica, universitarios e ciclos formativos

Unha política educativa baseada na equidade é a única que nos fai a todas e todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas e un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é a través de axudas económicas (becas) que chegue a todos aqueles cidadáns con problemas desta índole para estudar.

A combinación de recortes presupuestarios, reformas legais e decisión de xestión conduciron a unha retroceso importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade mencionada que constitúe unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para todas e todos nós.

Polo tanto, as modificacións no sistema de becas e axudas ao estudo, acompañado dunha subida desproporcionada dos prezos públicos de matrícula universitaria supuxeron unha combinación letal para miles de estudantes que viron como a crise destruía as economías familiares, dificultando de maneira inxusta a súas posibilidades de acceso á educación universitaria.

Asemade, ditos prezos públicos de matrícula e o sistema de becas e axudas ao estudo forman un binomio central para a garantía da igualdade de oportunidades e deben asegurar en conxunto que ningunha persoa deixe de estudar por carecer de recursos económicos.





Concello de Meaño

Por outra banda, o concello de Meaño ten, cada vez máis, alumnas e alumnos que rematan a educación secundaria obrigatoria (ESO) e se dirixen aos centros de bacharelato nos concellos colindantes. Tras eses dous anos, encamiñan, a maioría, a súa traxectoria para a universidade ou ciclos de formación (medio e superior).

Para a búsqueda de mellorar e facilitar a súa mobilidade, así como a estancia nos centros ou facultades onde van a realizar o estudo pertinente, propoñemos que se realice unha modificación de crédito para incluír unha partida presupuestaria na que se contemplan axudas económicas ás alumnas e aos alumnos universitarias/os ou de ciclos de formación (medio e superior).

Polo que formulamos o seguinte ROGO:

ROGO, que por parte da Alcaldía contemple a creación de axudas para o alumnado universitario e de ciclos de formación (medio e superior), así como existen para a educación primaria e secundaria (ESO).

- Ensanchar a carretera de Abuín, desde o cruce de Laxes ata o cruce do polígono, xa que de media mide 3-3,5 e, nos casos máis afortunados, 4 metros. Hai que recordar que pasa o autobús escolar e, por aí, pasan todo tipos de vehículos, incluso, pesados; - o asfalto estase abrindo e en algunhas zonas, onde hai diferenza de altura coas terras do lado, o asfalto estase indo cara os lados e a carretera colle lombo.

Contesta o Sr. alcalde que actualmente é un vial moi transitado e que precisa ser mellorado e convidao a buscar a dispoñibilidade dos terreos.

- Facerlle unha base aos colectores do lixo que non están estables ou non sobre asfaltado, para evitar que se movan, caian.

- Mellorar o cruce do centro médico de Dena: os coches aparcen do lado do edificio ata case a entrada do garaxe, provocando falta de visibilidade para o que trata de acceder desde a Rúa de Galicia á Rúa Nova, que non ve se veñen coches do colexio-piscina, etc.

- Adecentar o acceso ao lavadoiro de Trubisquido (Meaño) con escaleiras axeitadas, porque o acceso que ten deixa moito que desexar.

- Frente aos chalés en Abuín, hai unha casa que, desde que se ancheou a carretera de Villarreis a Abuín, cada vez que chove forte, aos propietarios inúndaselles as cortes dos animais, debido ás obras realizadas na carretera. Rogamos que se lle dea unha solución inmediata porque poden sufrir perdas económicas se os animais morren a causa da auga e, incluso, sufrir sancións polas condicións en que manteñen os seus animais, todo elo por una obra, que, á vista dos resultados, estivo mal deseñada ou executada, cando menos nese punto.

Contesta o Sr. alcalde que xa se estivo vendo ese tema e a intención e desviala, a actuación está feita e a ver si funciona.





Concello de Meaño

- Na entrada de Abuín, desde Laxes, ao chegar ao monte, hai unha árbore coas ponlas secas e colgadas. Pregamos que intermedie cos propietarios para a súa retirada antes de que cause danos materiais ou persoais.
- Rogamos que se coloque unha barandilla e luces nas escaleiras que están entre a agrícola e a casa do concello.

PREGUNTAS:

1. Cal é a situación da axencia de lectura de Meaño a nivel dixital? Forma parte da rede de bibliotecas públicas?
2. Pensouse nalgunha solución para a mellora do acceso ao colexio de Meaño?
3. En que estado está o pozo (de Amparo) de Meaño, denunciado por unha veciña?
4. En que punto está a negociación pola acera de Meaño (ao lado da peluquería)?

Contesta o Sr. alcalde que xa mantivo contactos coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para abordar a execución dos tramos de beirarrúas pendentes.

5. Polo que se ve, só hai un aparcamento. Para cando unha plaza pública?
6. O aparcamento ten unhas barandillas con barrotes por un lado e, polo outro, non ten barrotes. Por que? Cantas plazas de minusválidos vai haber? Porque aquí díxosenos que ía haber 4.
7. Ao lado da plaza de Mercadena, está a sinal de parar e aparcar, tiña un letreiro debaixo con horario de carga e descarga. Agora ten un cartel que di “ESTACIONAMENTO RESERVADO PRACEIROS” sen horarios. Por que non poden aparcar o resto das persoas pola tarde-noite?
8. Cal é a idea que teñen pensada para evitar que os vehículos aparquen no cebreado, e ata enriba do stop, no cruce da Igrexa de Dena, no contorno de O Novo Forcado e O Fiolato. Alí hai cebreado a ambos lados do cruce, pero son pouco respectados ambos. Como pensan evitalo?
9. Este ano vai celebrarse unha nova edición de DE TAPAS POR MEAÑO ou non?

Contesta o Sr. alcalde que si, pero a petición dos participantes cabiaouse a data para que non coincidira co nadal para febreiro ou marzo.

10. Poden explicarnos que sucede co muro caído en Lores (San Benito). De quen é responsabilidade? Quen o vai arranxar?

Contesta o Sr. alcalde que o arzobispado.

*** Sr. Ásperez Montes.**





Concello de Meaño

ROGOS:

1. Pista de Formarís (Paradela). No anterior Pleno falamos da necesidade de atender a falta de mantemento e mal estado en parte da rede viaria e de pistas que de maneira directa dependen do Concello e onde algunha delas se atopan en condicións lamentables.

Unha das que nomeamos foi a de Piñas en Xil, na que xa se están a facer obras de mellora, outra foi a de Formarís, que enlaza de maneira directa Paradela con Rial, e sobre a cal presentamos Moción.

O motivo principal de traer o arranxo desta pista coma moción, é que esta demanda estase a realizar de maneira insistente, e por escrito, por parte das/os veciñas/os afectados e tamén a través da Asociación de veciños de Lores

Como non está a resultar atendida dita demanda, esperamos conseguir o apoio da maioría do Pleno para que quede comprometido o arranxo no próximo ano 2020, e polo tanto se solicitaba vía moción “Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño o compromiso para a recuperación total e a mellora do citado vial na parroquia de Lores que comunica o lugar de Paradela co de Rial, sexa prioritario e se execute no vindeiro ano 2020 en canto teñamos dispoñibilidade presupuestaria, ben con fondos propios ou de outros organismos, atendendo desta maneira ás reivindicacións reiteradas e maioritarias dos usuarios, e dada a necesidade de uso e mellora da seguridade do mesmo.”

Seguimos a insistir na inversión no mantemento de certos viais e outra infraestructuras municipais, vendo ademáis que algunha das nosa reiteradas demandas vanse executando, como no caso da pista de Piñas en Xil:

-Subida a LAXE ata CINCO CALLES en Lores, onde se tratou de solucionar o seu mal estado con un simple tapado de baches con gravilla, o cal o fixo incluso mais perigosa.

-Reiteramos pola súa perigosidade, no PAZO DO MONTE en Padrenda, con perigo tanto para a circulación como por posibilidade de derrumbe nunha das zonas. Hai solicitude de mellora presentada no Concello por parte de veciños. Necesaria a súa ampliación

-Pista dende a fonte de AXIS ata a subida a que se dirixe a Fians. Neste días de choiva houbo derrumbes e aínda onte estaban sen retirar as pedra caídas.

-Camiño une Solda e Río da Vila (fotos), onde despois de votar unha fina capa de “algo”, a causa da choiva, está nun estado lamentable. Urxe limpeza.

-Solicitamos ademáis que se debe acometer canto antes a mellora e ampliación da pista da Cacharela, que vai de Picón ata o Barreiro e o tramo que logo sube ata a Área Industrial da Pedreira.

Ademáis hai necesidade urxente de limpar algunhas fontes e lavadoiros, como por exemplo o lavadoiro de Constela, ou a Fonte la Laxe en Lores que se atopa con moito verdín e resulta perigosa ou a fonte recién restaurada en Axis que se atopa anegada de





Concello de Meaño

auga xa que só se limpou e non se fixeron obras para facilitar a drenaxe resultando un gran charco de auga.

*Preguntamos no anterior Pleno respecto a obra realizada na pista que se dirixe ó Lugar de Abuín, onde se construeu un transformador si existía ese informe ó que fixo referencia por parte do técnico do Concello, e si cumpría a obra coas esixencias postas polo Concello na correspondente licenza, ademáis si xa hai fin de obra, e si non, si se vaia conceder. Podemos xa saber algo? Solicitaremos por escrito.

*Que ten pensado facer, e cal é a súa postura coa escola de música, unha vez coñecida a sentenza sobre o posto de traballo dos mestres.

*Nas resolución da alcaldía do Pleno pasado, había sancións por importe de 7.500 €. Xa sabe a que corresponden (pregunta do Pleno pasado). Si seguimos sin resposta solicitaremos copias deses expedientes para coñecer as circunstancias e traballar en evitar que se repita.

De todas as maneiras, nestas resolución volta a reflexarse outra sanción de Augas de Galicia, e o número de expediente non se corresponde con ningún dos que xa coñecemos, e por importe de 2.000 €. É outro novo? Onde ?

*Houbo unhas reclamacións contra as bases da convocatoria dunha praza de operario. Xa houbo resolución, entendo que por dictada por parte do Sr Alcalde. Quen elabora os informes para concluír con esta resolución.? En que estado se atopa a convocatoria de dita praza?

Unha vez ocupada esta praza, será para ocupar a praza de electricista e poder evitar os gastos de mantemento que se pagan a outra empresas, ou voltará a ser o conserxe do colexio de Meaño?. Suxiro ademáis o Sr Alcalde que debe ter maior precaución en asignar traballos distintos os que por contrato teñen asignados, distintos traballadores do Concello, e en especial onde hai un risco engadido.

*Que está a pasar cós escritos (rogos, preguntas ou petición de información) que temos sin contestar? Reiteraremos estes durante estas próximas datas e acudiremos as vías legais, e xudiciais, que seguro coñece, e amparan o nosos dereitos

*Como se está a seguir o funcionamento de centro de saúde de Dena. Mostrouse moi contento coa comunicación do Sergas repoñendo a praza de pediatría, o cal celebran todos os veciños, pero tamén desconfían da continuidade desta medida. Este Concello foi o que menos presionou para que non houbera problemas deste servizo, en comparación por exemplo con Ribadumia, Sanxenxo ou Meis, e a alcaldesa de Meis, coa que compartimos este servizo móstrase disgustada e desconfiada, e vostede foi sempre o alcalde que non acudía as reunións convocadas para demandar este servizo.

Dende o noso grupo faremos entrega polo rexistro do Concello da recollida de firmas iniciada entre os veciños (para isto si fai falta si que hai que ir porta a porta), arredor de 400 en menos de catro días, para que quede constancia da preocupación e malestar existente, e no primeiro momento de falta de atención ou desvío do servizo, sexa dende o propio Concello de onde parta a iniciativa para a protesta, e levala a onde e como





Concello de Meaño

faga falta.

Contesta o Sr. alcalde que non comparte o que está a decir e que este Concello estivo a cabeza das reivindicacións para a restitución dos facultativos, no caso de da incapacidade temporal da médica de Dena e no caso do servizo de pediatria e proba delo é que a partir do día 4 de decembro o Centro Médico de Dena volverá a contar co servizo de pediatria.

*Hai una partida nas súas resolucións na que se volta a pagar ó bufete de abogados, en concreto Garrigues, por importe de máis de 3.000 euros. A que proceso xudicial corresponde este pago?

*As axudas á natalidade están a concederse de maneira lineal sin ter en conta o nivel de ingresos máis que coma tope para non poder acceder a elas, e este tope é de 50.000€. Creemos debería ser escalonada ó considerar pola nosa parte inxusto, dar o mesmo a unha familia con recursos de por exemplo de 15.000 €, e que a outra de 45.000 euros. Seguen a estar consideradas coma subvencións? Informáse deste aspecto os/as beneficiarias por obrigar a facer IRPF?

*No día de hoxe fixemos unha serie de preguntas, presentadas por Rexistro, respecto do uso do Pavillón de Xil, que a propósito segue sen poder ser usado para o que foi pensado e mesmo algunha actividade escolar e deportiva tivo que ser suspendida. Adxuntámolas a esta acta e esperamos recibir resposta as mesmas no menor prazo posible.

- Qué entidades ou persoas solicitan o uso, e por qué período, para celebrar os eventos anunciados.

- Qué ordenanza, norma ou resolución da alcaldía respalda o uso d que será destinado o pavillón de Xil, este fin de semana.

- No caso de que exista fin de obra da recente reforma do Pavillón de Xil, si está recollido en ese proxecto os usos autorizados e o aforo da citada instalación.

- Qué importe pagarán os solicitantes, polo uso do Pavillón de Xil para esta fin de semana, e con qué criterios se determinou a citada tarifa ou taxa; no caso de habela, quen e onde a ingresará.

- Si foron esixidas por parte da Alcaldía, as obrigas que deben cumprir as persoas ou entidades que promovan e realicen actos de restauración, calquera evento ou festexos, e sobre todo ó que se refire ás responsabilidades que se poidan esixir contra danos a terceiros (Seguro de Responsabilidade Civil), ou danos ás propias instalacións.

- Si despois desta fin de semana, se entenderá que esta instalación deportiva Municipal, poderá ser empregada, e estar á disposición de calquera entidade ou persoa que o solicite, incluso de fóra do noso Concello, para uso dun acto privado, festexo e de restauración, tipo banquetes e qué taxa ou prezo público se publicitará para elo.

Contesta o Sr. alcalde sinalando que hai días que acada un nivel de condensación que o fai impracticable. O uso considera que, cando no é utilizado polo Concello pode ser utilizado para a celebración de eventos e en canto ao importe a pagar vense esixindo o establecido na taxa polo uso de instalacións deportivas.





Concello de Meaño

*O expediente xudicial de investigación das multas non cursadas dende o Concello en que punto se atopa? Que funcionarios ou responsables políticos, desta ou da anterior lexislatura están citados a declarar?

*Hai resultados e faranse públicos as medicións de radón nas instalacións municipais? en cales? Poderíamos aproveitar para iniciar medición de radón en auga das fontes con máis uso por parte dos veciños. Recordamos que nesta mesma semana España foi sancionada por non cumprir coa normativa referente o radón.

Contesta o Sr. alcalde que virán o vindeiro luns a retirar os dispositivos instalados para a medición e as medicións fixéronse nas distintas dependencias do Concello, na Casa da música e no baixo do palco da música.

*No Pacto de Estado para a inversión en igualdade, a que se nos asignou a partida que por lei nos corresponde, (0,18 cts por habitante), foron cobrados? Que destino se dou a esta partida, en que se empregaron?

*Porqué dende o Concello de Meaño non se nomeou a ningún dos aspirantes presentados, moitos deles sobradamente preparados e veciñas e veciños de Meaño, a praza de Xuíz de Paz? Será mellor escollida e cuberta dende Xunta?

*Cal é a débeda que a día de hoxe se mantén con Protección Civil de Ribadumia? Si é o caso como e cando se pagará? Como pretendemos contar con esta agrupación si mantemos unha débeda con eles?

*Na obra de contratación de mellora de pavimentación do camiño de Espiñeira a Carballoso, solicítase un informe ao atoparse na zona de protección de xacemento catalogado Petroglifos do Castro, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Respecto da obra de construción dun tanatorio en Dena, e en referencia a unhas informacións sobre poder estar preto dunha zona de Castros, solicitarase algún informe similar ou de Patrimonio? Farase algunha alegación a este proxecto dende o Concello.

Terminadas as intervencións dos membros da Corporación e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e corenta minutos, estendéndose a presenta acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

